

REGULAMENTO
"1/2 KILÓMETRO VERTICAL COUZADOIRO 2025"

1. Presentación

A Peña Ciclista Santa Marta de Ortigueira xunto co Concello de Ortigueira organizan, o domingo 16 de novembro de 2025, a primeira edición do "1/2 kilómetro vertical de Couzadoiro 2025".

2. A competición

2.1. Contrarreloxo individual para corredores ou senderistas.

2.2. Distancia aproximada: 3,8kms (500+).

2.3. Saída (10.00 h) e meta na Igrexa de Couzadoiro.

2.4. O track da proba publicarase na plataforma de inscrición (<https://cronotec.es/>) e nas RRSS da Organización.

3. Avituallamentos

Alto de Roca (km4) e meta.

4. Puntos de referencia

- Saída: Igrexa de Couzadoiro (Ortigueira) ás 10:00 horas.
- Chegada: Alto de Roca.

5. Recollida de dorsais

Igrexa de Couzadoiro (o mesmo día da proba e ata 15 minutos antes do comezo).

6. Entrega de premios

Ás 12.30 aprox. na Igrexa de Couzadoiro.

7. Condicións de participación

- Posuír unha condición física axeitada para afrontar as características da proba.
- Levar calzado adecuado para unha proba de monte.
- Ser maior de 18 anos.
- PROHIBIDA calquera tipo de axuda aos participantes durante o desenvolvemento da proba.
- PROHIBIDA calquera falta de compañeirismo ou auxilio a calquera participante que o necesite.

- PROHIBIDO calquera falta de respecto ao medio ambiente.
- PROHIBIDO desviarse do percorrido marcado pola Organización.
- (Estas prohibicións serán motivo de desclasificación a criterio da Organización).

8. Inscripcións

- Plataforma de inscrición: <https://cronotec.es/>
- Data límite: 12 de novembro.
- Prezo: 15 euros.
- Non poderán participar menores de 18 anos.

9. Modalidades

- Carreira a pé e sendeirismo. A competición será totalmente individual.

10. A inscrición Inclúe

- Marcaxe
- Asistencia Médica
- Seguro de accidentes
- Avituallamentos
- Aseos e Duchas
- Cronometraxe
- Dorsal
- Servizo de mochila a meta
- Pinchos e bebida na carpa da Organización.
- Fotografía e vídeo.
- Etc...

11. Categorías e premios

- Absoluta e veterán (maiores de 40 anos cumpridos no mesmo ano da proba).
- Premios aos tres primeiros clasificados/as da categoría absoluta (masculina e feminina) e veterán (masculina e feminina).
- Os premios non serán acumulativos.

12. Marcaxe

- Balizarase con cintas e sinais da Organización.

13. Saídas

- Ás 10:00 da igrexa de Couzadoiro por períodos de 30 segundos ou 1 minuto segundo o número de participantes.

14. Outros

- Material obrigatorio: teléfono con batería e operativo e chuvasqueiro con carapucha se o tempo o require.
 - Poderase facer uso de bastóns *(se se sae con eles da liña de saída deberase chegar con eles a liña de meta)*.
 - Todos os participantes deberán coñecer este regulamento e as modificacións que se poidan adoptar por parte da Organización.
 - Os corredores que se retiren da proba deberán entregar o dorsal e poñer en coñecemento á Organización desta situación.
 - Ao tratarse dunha cronoescalada contrarreloxo con saída graduada, os corredores que sexan dobrados deben ceder o paso a quen os adianta.
 - Deberase mostrar un comportamento respectuoso coa Organización e os voluntarios.
 - Por razóns de condicións meteorolóxicas adversas, seguridade ou forza maior, a organización reserva o dereito de suspender a proba e reembolsar o custo total das inscricións.
 - A inscrición nesta proba supón a aceptación do Regulamento na súa totalidade, incluíndo a normativa sobre Protección de Datos e a Política de Cancelación.
-

15. Circuito e clasificación final

Esta proba forma parte do circuito 'I COPA 1/2 VERTICAIS COSTA NORTE'. Os tempos obtidos sumaranse para establecer a clasificación final do circuito.

15.1. Eventos do Circuito

- "1/2 QUILOMETRO VERTICAL COUZADOIRO 2025" (domingo 16 de novembro, Couzadoiro - Ortigueira)
- "CRONOESCALADA MONTE CASTELO 2025" (Domingo 21 de decembro, Galdo - Viveiro).

15.2. Sistema de clasificación (vencedor final do Circuito)

A clasificación final da "I Copa 1/2 Verticais Costa Norte" determinarase mediante a suma dos tempos oficiais obtidos por cada participante en ambas probas.

Os tempos contabilizaranse en horas, minutos e segundos completos, sen ter en conta centésimas nin milésimas. En caso de empate na suma total, decidirase pola mellor posición acadada na segunda proba (Cronoescalada Monte Castelo). Requirirase ter completado as dúas probas para optar á clasificación final.

Entregarase un premio final aos tres primeiros/as clasificados/as do circuito das categorías absoluta (masculina e feminina) e veteran (masculina e feminina).

Requirirase ter completado as dúas probas para optar á clasificación final.

16. Dereitos de imaxe

Durante as probas haberá servizo oficial de fotografía e/ou vídeo contratado pola organización. O material obtido poderá ser utilizado libremente pola organización para fins divulgativos, promocionais ou publicitarios do evento, sen dereito a contra prestación económica para os/as participantes. A inscrición na proba implica a aceptación desta condición.

PEÑA CICLISTA SANTA MARTA DE ORTIGUEIRA

